

# SAN ADRIÁN



*Na parroquia de San Adrián de Calvos  
na Unidade Pastoral d'Os Cotos*



## **Unidade Pastoral d'Os Cotos**



## **Parroquia de San Adrián de Calvos**

# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 1º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida na carta de San Paulo ós romanos**

Irmáns:

Que o amor non sexa finxido: afastádevos do mal e apegádevos ao ben: sede cariñosos uns cos outros, coma irmáns; compete na estima mutua; no traballo non teñades preguiza; no espírito, afervoados; pra o Señor, coma escravos.

Alegres na esperanza, con constancia no sufrimento, afincados na oración; solidarios nas necesidades dos santos e practicando a hospitalidade.

Bendicide ós que vos perseguen, bendicide e non maldigades.

Alegrádevos cos que están alegres, chorade cos que choran.

Tédevos na mesma estima uns a outros: non vos deades aires de grandeza, senón acomodádevos aos humildes. Non vos teñades por moi sabidos.

Non volvades mal por mal a ninguén: que todo o mundo vexa que procurades o ben. No posible, en canto dependa de vós, mantede a paz con todas as persoas.

## **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

### **ORACIÓN UNIVERSAL**

#### ***Monitor/a***

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

#### **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

1. Pra que a igrexa enteira, e cada un dos cristiáns vivamos autenticamente o camiño do evanxeo. Preguemos xuntos.
2. Pra que aprendamos a sementar ao noso arredor amor, esperanza, xenerosidade e solidariedade. Preguemos xuntos.
3. Pra que na nosa parroquia medre o evanxeo, e todas as actividades que se realicen nela dean froito dabondo. Preguemos xuntos.
4. Pra que no noso pobo haxa prosperidade, boa convivencia, e paz. Preguemos xuntos.

5. Pra que os pobres, os enfermos, os que se atopan sos, os que perderon a esperanza, se sintan confortados pola man de Deus e polas nosas mans. Preguemos xuntos.

6. Pra que no mundo medre a paz, a xustiza, e se acaben as opresións, as desigualdades, as guerras, a fame. Preguemos xuntos.

**(Pida cada un a graza que desexa acadar, por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

*Oremos xuntos, agora, coa pregaria do Señor.*

**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

## **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Xesús precisas de persoas coma San Adrián,  
precisas de persoas coma nós.

Por iso, como San Adrián, aquí tes as nosas mans  
pra o traballo de cada día.

Como San Adrián, aquí tes os nosos pes  
pra amosarlle o camiño aos que andan descamiñados.

Como San Adrián, aquí tes as nosas bocas  
pra falar de Ti.

Como San Adrián, aquí tes os nosos oídos  
pra escoitar as queixas de todos.

Así segues facéndote un de nós en cada un de nós.

(nas follas soltas)  
PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56

(nas follas soltas)  
ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57

(nas follas soltas)  
NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS páxina 58

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén





# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 2º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida no evanxeo de San Lucas**

Coa forza do Espírito Santo, Xesús foi a Galilea, e a súa sona estendeuse por toda a comarca. Ensinaba nas sinagogas, e todo o mundo dicía moito ben del.

Chegou a Nazaret, onde se criara, e o sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga. Ergueuse pra facer a lectura, e déronlle o libro do profeta Isaías. Abriuno e atopou unha pasaxe que dicía:

*"O Espírito do Señor está sobre min porque El foi quen me unxiu pra proclamarlle a Boa Nova aos pobres. Mandoume pra lles anunciar a liberación aos secuestrados e a vista aos cegos, pra lles dar liberdade aos asoballados, e proclamar o ano de graza do Señor".*

Pechando o libro, devolveullo ao encargado, e sentouse. Todos os ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel. Logo empezoulles a dicir:

Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

## **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

### **ORACIÓN UNIVERSAL**

**Monitor/a**

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

### **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

1. Lémbtrate das persoas tristes e aflixidas, das abandonadas e enfermas. Preguemos xuntos.
2. Lémbtrate das persoas que non coñeceron a felicidade, de todas as que non atoparon amigos e viven na soidade e no esquecemento. Preguemos xuntos.
3. Lémbtrate das persoas que sofren a guerra, dos feridos e dos que están lonxe. Preguemos xuntos.

4. Lémbrate das persoas que están sen fogar, das que viven sen dereitos e das que son desprezadas por seren distintas. Preguemos xuntos.

5. Lémbrate das persoas que nunca escoitaron as túas palabras. Preguemos xuntos.

**(Pida cada un a graza que desexa acadar,  
por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

*Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.*

**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

## **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Grazas San Adrián por todos os xestos de amor que vivimos ao longo do día:

a preocupación dos pais polos fillos,

e a tenrura que os fillos atopan nos pais,

a axuda e compañía dos amigos, nas penas e alegrías,

a disponibilidad das persoas que sempre teñen tempo pra os demais,

a preocupación de todos os que loitan por facer do mundo unha casa de todos e na que todos contan.

Grazas porque nestes xestos de amor: recoñecemos os desexos de Xesús, alentámonos no noso camiñar, e renovamos os nosos compromisos cristiáns.

(nas follas soltas)  
PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56

(nas follas soltas)  
ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57

(nas follas soltas)  
NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS páxina 58

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén



# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 3º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén



## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida no evanxeo de San Mateo**

Vendo Xesús a multitude, subiu ao monte e sentou. Achegáronselle os seus discípulos, e el, tomando a palabra, ensinábaos dicindo:

-Ditosos os que teñen espírito de pobres, porque deles é o Reino dos Ceos.

Ditosos os que choran, porque eles serán consolados.

Ditosos os non violentos, porque eles herdarán a terra.

Ditosos os famentos e sedentes de xustiza, porque eles ficarán fartos.

Ditosos os misericordiosos, porque eles acadarán a misericordia.

Ditosos os de corazón limpo, porque eles verán a Deus.

Ditosos os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus.

Ditosos os perseguidos por seren xustos, porque deles é o Reino dos Ceos.

Ditosos vós cando vos aldraxen, persigan e calumnien de calquera xeito pola miña causa; alegrádevos porque grande será a vosa recompensa.

## **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

### **ORACIÓN UNIVERSAL**

#### ***Monitor/a***

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

#### **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

1. Polas persoas que formamos a igrexa, pra que sempre prediquemos e construamos a paz. Preguemos xuntos.
2. Polas persoas que teñen a responsabilidade de gobernar os pobos pra que deixen de construír armas mortais e busquen sempre a solución dos conflitos por medio do diálogo. Preguemos xuntos.
3. Pra que todos os pobos, que se atopan en guerra, teñan o valor de sentarse a dialogar e poñan a paz por riba de todo. Preguemos xuntos.

4. Por todos nós, pra que venzamos todo egoísmo, toda antipatía e toda falta de solidariedade. Preguemos xuntos.
5. Por todas as persoas, que sen culpa súa, están sufrindo os horrores da guerra e da violencia. Preguemos xuntos.

**(Pida cada un a graza que desexa acadar,  
por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

***Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.***  
**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

## **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Grazas Xesús polas persoas que teñen espírito de pobres, porque son capaces de vivir desprendidos;  
grazas polas que son capaces de chorar con quen chora e alegrarse con quen está alegre;  
grazas polas que son pacíficas porque nos mostran a grandeza de vivir;  
grazas polas de bo corazón pois dinnos que amar e perdoar é posible;  
grazas polas que loitan contra as inxustizas pois así móstrannos que tamén nós podemos facelo.

Grazas Xesús por todas as persoas verdadeiramente "benaventuradas" coas que nos atopamos nestas terras.

Grazas porque nestes xestos de amor: recoñecemos os desexos de Xesús, alentámonos no noso camiñar, e renovamos os nosos compromisos cristiáns.

**(nas follas soltas)**

**PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56**

**(nas follas soltas)**

**ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57**

**(nas follas soltas)**

**NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS páxina 58**

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén

# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 4º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida no evanxeo de San Mateo**

Naquel tempo díxolle Xesús aos seus discípulos:

Cando vos poñades a rezar non sexades lareteiros, eles botan de conta que os van escoitar polo moito falar.

Vós, rezade así:

*"Noso Pai que estás no ceo,  
santificado sexa o teu nome;  
veña o teu Reino,  
fágase a túa vontade  
aquí na terra coma no ceo.  
Dános hoxe o noso pan de cada día.  
E perdoa as nosas ofensas  
como tamén nós perdoamos xa  
aos nosos debedores.  
E non nos sometas á tentación,  
mais líbranos do Malo".*

Porque se vós perdoades aos outros as ofensas que vos fan, tamén voso Pai celestial perdoará as vosas; pero se non perdoades aos outros, voso Pai celestial tampouco perdoará as vosas ofensas.

## **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

## **ORACIÓN UNIVERSAL**

***Monitor/a***

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

### **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

1. Ilumina as nosas vidas coa vida de Xesús, el que non veu a ser servido senón a servir, que as nosas vidas sexan como a del, servir e acoller a tódalas persoas. Preguemos xuntos.
2. Ilusionáanos co xeito de ser do teu Fillo, que nós sexamos capaces de comprometernos dende as nosas vidas. Preguemos xuntos.
3. Aléntanos pra mostrarlles ós que están ó noso lado que Ti es noso Pai. Preguemos xuntos.



4. Guíanos no noso camiñar cara Ti, de xeito que espallemos por estas terras o teu amor. Preguemos xuntos.

**(Pida cada un a graza que desexa acadar, por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

*Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.*  
**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

## **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Grazas, Señor Noso Pai, porque confías en nós:  
nas nosas mans pra o traballo de cada día;  
nos nosos pés pra que outros se apoiem en nós, e xuntos  
poidamos facer o camiño;  
nos nosos ollos pra disfrutar das belezas desta terra;  
nos nosos corazóns pra querer a todas as persoas;  
na nosa vida pra facer realidade o xeito de vivir de Xesús.

Grazas Pai polas persoas que viven no espírito de San Adrián.

Grazas Pai porque hoxe podemos reunirnos onda Ti, e compartirmos coma comunidade o moito que das por nós.

(nas follas soltas)  
PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56

(nas follas soltas)  
ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57

(nas follas soltas)  
NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS páxina 58

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén



# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 5º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida no evanxeo de San Xoán**

Antes da festa da Pascua, sabía Xesús que lle chegara a hora de pasar deste mundo pra onda o Pai; e xa que amara aos seus que estaban no mundo, amounos ata a fin.

E mentres ceaban ergueuse da mesa e deixou a túnica; e collendo unha toalla, cinguiuse con ela. Despois, botou auga nunha palangana e comezou a lavarlle os pés aos discípulos e a secarllos coa toalla que levaba cinguida.

Despois que Xesús lles lavou os pés e vestiu a súa túnica, sentou outra vez e preguntoulles:

- ¿Comprendedes o que fixen convosco? Vós chamádesme "Mestre" e "Señor" e dicides ben porque o son. Logo, se eu, o Señor e o Mestre, vos lavei os pés, tamén vós debedes lavarvos os pés uns a outros.

Deivos así un exemplo, pra que, coma eu fixen convosco, así fagades tamén vós.

Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros, como eu vos ameí. Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros.

## **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

### **ORACIÓN UNIVERSAL**

#### ***Monitor/a***

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

#### **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

1. Señor, dános entusiasmo pra buscar a verdade onde se atope. Preguemos xuntos.
2. Señor, dános paciencia pra aceptar as nosas limitacións. Preguemos xuntos.
3. Señor, dános coraxe pra loitar con esperanza cando todo nos saia mal. Preguemos xuntos.
4. Señor, dános lucidez pra admitir a verdade sen que nola impoñan. Preguemos xuntos.

5. Señor, dános valor pra compartir todo o que non nos é necesario. Preguemos xuntos.

6. Señor, dános alento pra loitar contra a nosa apatía e desgana. Preguemos xuntos.

**(Pida cada un a graza que desexa acadar,  
por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

*Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.*  
**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

## **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Grazas San Adrián polas persoas que comunican a súa alegría aos tristes, polas que dan ánimos ás desanimadas, polas que escoitan.

Grazas San Adrián polas persoas que acompañan ás que viven na soidade, polas que están ao lado das que están enfermas.

Grazas San Adrián por todas aquelas persoas que saben que hai máis alegría en dar que en recibir, que é mellor pensar nos demais antes ca en si mesmas.

Grazas San Adrián polo teu exemplo de sinxeleza, por non pechala túa porta, por compartir a túa vida cos demais.

(nas follas soltas)  
PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56

(nas follas soltas)  
ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57

(nas follas soltas)  
NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS páxina 58

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén





# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 6º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida no evanxeo de San Xoán**

Xesús, erguendo os ollos cara o ceo dixo :  
- Pai, eu manifesteite aos homes que me escolliches do mundo. Eran teus, e déchesmos, e gardaron a túa palabra. Agora coñecen que todo canto me deches vén de Ti.

Eu rógoche por eles, Pai santo, pra que coides dos que me entregaches, pra que sexan un coma nós. Cando eu estaba con eles, coidábaos no teu lugar. Eu agarimeinos, e coma Ti me mandaches ao mundo, así os mando eu a eles.

E non che rogo só por estes, senón tamén polos que han de crer en min pola palabra deles; que todos sexan un, coma Ti, Pai, en min, e eu en Ti; que tamén eles sexan un en nós, de xeito que o mundo recoñeza que Ti me mandaches e que os amaches a eles, como me amaches a min.

### **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

# ORACIÓN UNIVERSAL

## *Monitor/a*

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

## **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

1. Señor Xesús, dános un corazón sen portas pra acoller a todas as persoas. Preguemos xuntos
2. Fainos comprender que todos somos irmáns, que a gran casa do mundo é unha casa onde todos teñen cabida, e que todo o que hai nela pertence a todas as persoas. Preguemos xuntos
3. Concédenos vivir de tal xeito que sexamos capaces de transformar todas as inxustizas, e crear un mundo máis solidario, pois hai poucos que teñen moito e moitos que teñen pouco. Preguemos xuntos
4. Axúdanos a facer medrar a unidade nos nosos fogares e tamén na nosa parroquia aproveitando estes días de festa, días nos que é máis fácil esquecer e compartir. Preguemos xuntos

5. Acórdate tamén de todos os nosos veciños e veciñas que ao longo da súa vida traballaron pola nosa parroquia e ensináronnos que traballar xuntos é posible. Preguemos xuntos

**(Pida cada un a graza que desexa acadar,  
por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

*Oremos xuntos, agora, coa pregaria do Señor.*  
**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

## **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Señor, grazas porque neste día, e aos pes de San Adrián, podemos compartir paz, sabedoría e forza; porque podemos mirar o mundo con ollos cheos de amor; porque podemos ser pacientes, comprensivos, humildes e bos.

Grazas porque podemos ver nas persoas a irmáns, e apreciamos a bondade de cada un, e hoxe coa nosa vida podemos ser exemplo pra outras persoas.

**(nas follas soltas)**

**PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56**

**(nas follas soltas)**

**ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57**

(nas follas soltas)

**NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS**  
**DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU**  
**CANTAMOS páxina 58**

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén



# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 7º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén



## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida no evanxeo de San Mateo**

Dixo Xesús esta parábola :

Cando veña o Fillo do Home na súa gloria diante del xuntaranse todos os pobos; e separará uns dos outros. E poñerá uns a súa dereita e outros a súa esquerda. Entón diralle o Rei a uns:

"Vinde, benditos do meu Pai, recibide a herdanza do Reino preparado pra vós dende a creación do mundo:

porque tiven fame e déstesme de comer;

tiven sede e déstesme de beber;

fun forasteiro e acolléstesme;

estiven espido e vestístesme,

enfermo e visitástesme;

estiven na cadea e viñéstesme ver".

Entón preguntaranlle os xustos:

"Señor, ¿cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber?, ¿cando te vimos forasteiro e te acollemos;

ou espido e te vestimos?, ¿cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?"

O rei contestaralles:

"Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos fixéstelo comigo".

## **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

## **ORACIÓN UNIVERSAL**

### ***Monitor/a***

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

### **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

1. Lémbtrate das persoas tristes e aflixidas, das abandonadas e enfermas. Preguemos xuntos.
2. Lémbtrate das persoas que non coñeceron a felicidade, de todas as que non atoparon amigos e viven na soidade e no esquecemento. Preguemos xuntos.
3. Lémbtrate das persoas que sofren a guerra, dos feridos e dos que están lonxe. Preguemos xuntos.

4. Lémbrate das persoas que están sen fogar, das que viven sen dereitos e das que son desprezadas por seren distintas. Preguemos xuntos.

5. Lémbrate das persoas que nunca escoitaron as túas palabras. Preguemos xuntos.

**(Pida cada un a graza que desexa acadar,  
por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

*Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.*  
**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

## **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Cando un pobre nada ten e aínda comparte,  
cando unha persoa pasa sede e auga nos dá,  
cando un débil ao seu irmán alenta,  
van Cristo e San Adrián no noso mesmo camiñar.

Cando medra a alegría e nos enche,  
cando din as nosas bocas a verdade,  
cando amamos o sentir dos sinxelos,  
van Cristo e San Adrián no noso mesmo camiñar.

Cando abunda o ben e enche os fogares,  
cando unha persoa onde hai guerra pon paz,  
cando irmán lle chamamos a un estraño,  
van Cristo e San Adrián no noso mesmo camiñar.

(nas follas soltas)  
PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56

(nas follas soltas)  
ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57

(nas follas soltas)  
NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS páxina 58

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén



# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 8º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida no evanxeo de San Lucas**

Cando levaban a Xesús pra o crucificar, botaron man dun certo Simón de Cirene, que viña da leira, e cargáronlle a cruz, pra que a levase detrás de Xesús.

Levaban con el tamén a outros dous bandidos, pra executalos, e cando chegaron ó lugar chamado "A Caveira", crucificáronos alí.

Xesús dicía:

-Meu Pai, perdóaos que eles non saben o que fan.

E, botando á sortes, repartiron a roupa del. A xente estaba a mirar, e os xefes ríanse del, dicindo:

- A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus.

Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, dicindo:

- Se ti es o rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo.

E había un letreiro enriba del: "Este é o rei dos xudeus".

Chegado o mediodía Xesús, pegou un berro moi alto e dixo:

- ¡Meu Pai! Nas túas mans entrego a miña vida. E dicindo isto, morreu.

## **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

## **ORACIÓN UNIVERSAL**

### ***Monitor/a***

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

## **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

Señor Xesús, pondo coma intercesor a San Adrián, fai que nós non sexamos daqueles que falan moito e non fan nada.

Que non sexamos daqueles que comezan moitas cousas e non rematan ningunha.

Que non sexamos daqueles que prometen e non cumpren.

Que non sexamos daqueles que non fan nada pero que o critican todo.

Que non sexamos daqueles que non pensan máis que en recibir e non dan nada a cambio.



Que non sexamos daqueles que non saben máis que pedir e endexamais agradecer.

Cristo dános un corazón coma o de San Adrián pra amar aos demais e camiñar con esperanza.

**(Pida cada un a graza que desexa acadar,  
por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

*Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.*  
**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

## **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Dámosche grazas, Pai, polos nosos irmáns defuntos que viviron ao noso lado e xa deixaron estas terras.

Dámosche as grazas pola amizade que nos regalaron, pola paz que sementaron ao seu redor.

Rogámosche que nada da súa vida se perda; que os que imos despois deles respectemos o que pra eles era sagrado; que as súa obras nos sirvan de exemplo, agora que están compartindo outra Vida.

Así aseméllanse a Cristo, pois tamén El, mesmo coa súa morte, foi exemplo pra San Adrián e hoxe é exemplo pra nós.

(nas follas soltas)  
PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56

(nas follas soltas)  
ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57

(nas follas soltas)  
NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS páxina 58

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén



# NOVENA NA HONRA DE SAN ADRIÁN

## DÍA 9º



Unidade Pastoral d'Os Cotos

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO DE ENTRADA 🎵 *nº 3 Unha xuntanza de ...*

## *Monitor/a*

Benvidos sexamos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai e do fillo e do Espírito Santo.

Prepara os nosos corazóns, Señor, pra este momento de oración. Celebramos con gozo a San Adrián. El amoute e foi fiel ao evanxeo.

El viviu intensamente o seguimento de Xesús, e adicoulle toda a súa vida, dándoo a coñecer, con palabras e feitos, a todas as persoas. Por iso el é hoxe modelo pra todos nós.

Señor, noso Pai, fai que o seu recordo sexa pra nós alento pra seguir no camiño que nos leva a Ti.

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

### *Monitor/a*

Deus santo, celebramos un ano máis estes días de oración. Concédenos que as palabras e os feitos deste tempo nos leven a comprender mellor o camiño de Cristo e a seguir o seu exemplo cunha vida cada vez máis coherente co evanxeo, como fixo o mártir San Adrián. Pedímoscho, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### *Monitor/a*

Sentemos pra escoitar a Palabra de Deus, deixemos que sexa Cristo mesmo quen nos ensine a orar.

### **Lectura recollida no evanxeo de San Mateo**

Á madrugada do primeiro día da semana, as mulleres foron ao sepulcro onde enterraran a Xesús, levando os perfumes que tiñan preparados. Pero atoparon quitada a lousa, arredada do sepulcro.

Entraron, e viron que o corpo de Cristo non estaba alí. Entón, mentres estaban todas perplexas por aquilo, apareceron dous homes con vestidos resplandecentes. Cheas de medo, miraban pra o chan, pero eles preguntaron:

-¿Por qué buscades entre os mortos a quen está vivo?

Non está aquí, resucitou.

Recordade o que vos dicía en Galilea: que cumpría que entregasen o Fillo do Home nas mans dos pecadores, que o crucificasen e que resucitase ao terceiro día.

A elas acordáronlles aquelas palabras súas, e, volvendo do sepulcro, anunciáronllelo aos Once e a todos os demais.

## **PALABRA DO SEÑOR**

*(Mantemos un momento de silencio)*

## **ORACIÓN UNIVERSAL**

### ***Monitor/a***

*Postos en pé, coa mesma confianza coa que San Adrián se puña nas mans do Pai, oremos xuntos contando coa súa intercesión. Dicimos*

### **SAN ADRIÁN ROGA POR NÓS**

1. Lémbtrate, Señor, das persoas tristes e aflixidas, das tolleitas e enfermas, que poidan vivir a resurrección. Preguemos xuntos.
2. Lémbtrate das persoas que non coñeceron a felicidade, de todas as que non atoparon amigos e están na soidade, que poidan vivir a resurrección. Preguemos xuntos.
3. Lémbtrate das persoas que sofren a guerra, dos feridos e dos que están en terras lonxanas, que poidan vivir a resurrección. Preguemos xuntos.

4. Lémbtrate das persoas que están sen fogar, das que viven sen dereitos e das que son desprezadas por seren distintas, que poidan vivir a resurrección. Preguemos xuntos.

5. Lémbtrate das persoas que non escoitaron as túas palabras, os teus soños nun mundo mellor, e viven rodeados de miseria, que poidan vivir a resurrección. Preguemos xuntos.

**(Pida cada un a graza que desexa acadar, por intercesión de San Adrián, neste día de oración)**

*Oremos xuntos, agora, coa pregaría do Señor.*

**NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO...**

### **ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS**

Ti es luz, Cristo Resucitado, e a túa luz fainos ver mentres camiñamos. Dámosche grazas Señor, porque cremos por un momento que todo acabara, que todo fora enterrado aquel venres, cando na cruz deches a vida.

Dámosche as grazas Señor, porque nada de Ti morreu nin quedou no silencio. Agora sabemos que vives e que as esperanzas prendidas na terra teñen forza e vida pra sempre.

Con San Adrián dámosche as grazas por este futuro cheo de vida, mesmo a pesares das nosas mortes.

(nas follas soltas)  
PREGARIAS COMPROMETIDAS páxina 56

(nas follas soltas)  
ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS páxina 57

(nas follas soltas)  
NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS páxina 58

**Acharte presente na vida ...**

Que o Señor,  
pola intercesión do mártir San Adrián,  
nos bendiga, †  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén





(esta oración tamén está nas follas soltas)

## PREGARIAS COMPROMETIDAS

**Da man de San Adrián  
queremos camiñar seguindo as pegadas de Cristo,  
facendo crible o evanxeo  
co que dicimos, facemos e sentimos.**

Como san Adrián, queremos, Señor,  
ofrecerche os nosos sentimentos,  
pra doernos con quen se sente doído  
e alegrarnos con quen está alegre

**ACOLLE SEÑOR OS NOSOS SENTIMENTOS**

Como san Adrián, queremos, Señor,  
ofrecerche as nosas bocas  
pra proclamar palabras de esperanza  
e anunciar a túa presenza salvadora

**ACOLLE SEÑOR AS NOSAS PALABRAS**

Como san Adrián, queremos, Señor,  
ofrecerche as nosas mans,  
pra estar á beira, e que ninguén se sinta só

**ACOLLE SEÑOR AS NOSAS MANS**

Como san Adrián, queremos, Señor,  
entregarche a vida enteira,  
pra que a convertas nunha vida  
que chegue á eternidade

**ACOLLE SEÑOR A NOSA VIDA**

(esta oración tamén está nas follas soltas)

## ORACIÓN PRA TODOS OS DÍAS

San Adrián,  
fíel amigo e seguidor de Xesús,  
traballador incansable polo evanxeo,  
hoxe invocámoste con toda confianza  
por que es compañeiro noso  
no camiño da vida e da fe.

Ti que vives xa no gozo do Reino de Deus:  
mira por nós, protéxenos,  
danos xenerosidade e coraxe,  
e axúdanos a ser cada día cristiáns  
verdadeiramente comprometidos  
co evanxeo de Xesús, que ti, tantas veces,  
anunciaches con feitos e palabras.

*(faise un instante de silencio pra orar)*

A ti, San Adrián, acudimos,  
a ti, que xa vives con Deus, noso Pai,  
por sempre eternamente. Amén.

(esta canción tamén está nas follas soltas)

NA ESPERANZA DE SEGUIR OS PASOS  
DAQUEL A QUEN SAN ADRIÁN SEGUIU  
CANTAMOS

**Acharte presente na vida,  
fiarme de Ti sen te ver,  
levar unha luz acendida,  
querer e deixarse querer.**

1. Andar canda ti o camiño,  
vibrar ó sentirte falar  
tomar o teu pan e o teu viño  
doerme de verte marchar.

2. Prender no teu lume unha tea,  
saber acoller a quen vén,  
doar a quen nada me dea,  
partir co irmán que non ten.

3. Abrirche se petas na porta,  
deixarte sentar no meu lar,  
saber o que oírte me aporta,  
quedarme contigo a velar.

